

RESOLUCIÓN REITORAL DO 30 DE ABRIL, POLA QUE SE ESTABLECE A CONTINUIDADE DOS TÉRMINOS E PRAZOS DE REXISTRO NA APLICACIÓN INFORMÁTICA DAS CUALIFICACIÓNS NAS ACTAS

Á vista da Disposición Adicional 3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, onde se dispoñe no seu parágrafo terceiro que *“se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo”*,

Á vista de que a dita disposición foi obxecto de novas excepcións polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, por el que se modifica el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, onde se lle engade á mesma un parágrafo carto no que se sinala que *“las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos (...) que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios”*.

Á vista do disposto a tal efecto pola Resolución Reitoral do 27 de abril do 2020 pola que se establece a continuidade dos procedementos administrativos indispensables para o funcionamento básico dos servizos e se modifica a Resolución Reitoral do 27 de marzo do 2020 sobre a suspensión dos téminos e dos prazos dos trámites nos procedementos administrativos da Universidade de Vigo durante o estado de alarma,

Á vista de que o rexistro das cualificacións do alumnado nas actas supón un procedemento indispensable para o funcionamento básico do servizo docente que ofrece a Universidade,

Á vista das modificacións aprobadas a estes efectos no calendario académico do presente curso polo noso Consello de Goberno na súa xuntanza do 29 de abril do 2020,

Esta Reitoría

R E S O L V E

Dar continuidade aos téminos e prazos de inicio e de remate para o rexistro na aplicación informática da Universidade das cualificacións do alumnado nas actas, a partir do día seguinte á data de publicación da presente Resolución e consonte ás datas fixadas no calendario académico para o curso 2019-20, modificado polo acordo do Consello de Goberno do 29 de abril do 2020.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, pero que se computará desde o día hábil seguinte á data de finalización da declaración do estado de alarma, con independencia do tempo que houbera transcurrido desde a publicación da presente resolución, sen prexuízo da eficacia e executividade da mesma, consonte ao disposto no acto administrativo obxecto de recurso ou impugnación, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-ley 11/2020, de 31 de marzo, por el que se adoptan medidas urgentes complementarias en el ámbito social y económico para hacer frente al COVID-19.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, que se computará segundo o indicado no parágrafo anterior, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Reitor